FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 19/07/2024)
Decreto Nº: 6848/2024 - Fecha de firma: 19/07/2024
Versión imprimible

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-07-19 14:52:28.00)
CVD: L8lSrpRgsfKnpHPvO5ac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 6848/2024

**DECRETO**

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA NECESIDADE DE PODER PROCEDER A CUBRIR, POR PARTE DO SERVIZO DE PERSOAL, A BAIXA MÉDICA DE MARÍA NEREA IGLESIAS ARIAS ATA O 31.07.2024 PARA A EIM SERRA DE OUTES**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 29-2024, por un importe total de 8.877,70 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da necesidade da necesidade de poder proceder a cubrir, por parte do Servizo de Persoal, a baixa medica de María Nerea Iglesias Arias ata o 31.07.2024 para a EIM Serra de Outes.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1080/2024, do 19.07.2024 así como o RCMOD núm.: Ref.: 50423/2024, por importe de 8.877,70 € de 18.07.2024.

Advertiuse xa pola intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións de crédito no exercicio aínda que no caso que nos ocupa trátase de gastos do capítulo 1 en aumento e diminución, corresponden a aplicacións da mesma política de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais e ademais segundo o informe do servizo que inicia o expediente trátase de dar cumprimento a esixencias normativas do Decreto 329/2005 respecto a horarios e ratios de profesionais nas escolas infantís e a recomendacións da empresa responsable de prevención de riscos laborais.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 8.877,70 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

| *APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO* | *IMPORTE €* | *APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO* | *CP* | *IMPORTE €* |
|---|---|---|---|---|
| | *8.877,70 €* | *32381.16000* | | *8.877,70 €* |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *32605.16000* | | | *243238101* | |
| ***TOTAL CRÉDITO CEDIDO*** | ***8.877,70 €*** | ***TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO*** | | ***8.877,70 €*** |

**SEGUNDO:** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 19/07/2024)
Decreto Nº: 6848/2024 - Fecha de firma: 19/07/2024
Versión imprimible